



# Programación do Equipo de Dinamización da Lingua Galega

Curso

2022-2023

IES ORDES



## ÍNDICE

### 1. INTRODUCCIÓN

### 2. OBXECTIVOS

#### 1.1. OBXECTIVOS XERAIS

#### 1.2. NO REFERENTE AO CONTORNO SOCIOLINGÜÍSTICO DO CENTRO

#### 1.3. NO REFERENTE AO PROFESORADO

#### 1.4. NO REFERENTE AO ALUMNADO

#### 1.5. NO REFERENTE AO CENTRO

### 3. ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA

#### 1. Revistas Escolares

#### 2. Convocatoria de Concursos

#### 3. Celebración de Datas Especiais

#### 4. Xestión dos Taboleiros do EDLG

#### 5. Campañas de Animación á Lectura

#### 6. Organización de Saídas Extraescolares

#### 7. Intercambio Lingüístico

#### 8. “Galdiscoteca” e “Galvideoteca”

#### 9. Organización de Charlas, Conferencias, Exposicións...

#### 10. Elaboración e Edición de Materiais

#### 11. Xestión do blog do EDLG *paraisoparanosordes.blogspot.com.es* e da páxina propia de facebook

#### 12. Xogos Populares e Tradicionais

#### 13. Recursos para o Profesorado e o Alumnado

#### 14. Colaboración cos Departamentos Didácticos do centro e o Equipo de Biblioteca

#### 15. Colaboración con outros centros educativos.



## 1. INTRODUCCIÓN

O IES de Ordes está situado no concello do mesmo nome e recibe alumnado -sobre todo en ciclos e bacharelato- dos concellos limítrofes: Oroso, Tordoia, Cerceda, Frades, Trazo e Mesía.

Un cuarto da súa poboación traballa no sector primario.

O alumnado é maioritariamente galegofalante. Non obstante, debemos mencionar que unha pequena parte do alumnado procede de Marrocos e algúns países de América do sur (Venezuela, Colombia, Brasil), é por este motivo que debemos fomentar o uso do galego entre este alumnado, propiciar o cambio de sistema lingüístico.

Na medida do posible, tentaremos traballar coordinadamente co Servizo de Normalización Lingüística da Mancomunidade de Ordes naquelas actividades que se deseñen especificamente para o ámbito educativo.

## 2. OBXECTIVOS

### 1.1 OBXECTIVOS XERAIS

1. Diseñar un plan a longo prazo destinado a eliminar os prexuízos cara a lingua galega co fin de que o uso do galego sexa realmente efectivo.
2. Fomentar o uso do galego e mellorar a competencia lingüística de toda a comunidade educativa.
3. Informar e concienciar sobre a situación sociolingüística de Galicia, poñendo de relevo o conflito lingüístico e a marxinación do galego en moitos ámbitos da vida cotiá (xudicial, empresarial, científico...).
4. Potenciar e visibilizar o galego como lingua vehicular válida en todos os contextos e situación comunicativas: novas tecnoloxías, espazos urbanos, mundo laboral, ámbito académico, etc.
5. Traballar na conservación do patrimonio cultural: tradicións, técnicas, usos, costumes, saberes...
6. Aprofundar no coñecemento de Ordes e a súa comarca, así como de toda Galicia, facendo especial fincapé na toponimia, hidronimia e antroponimia. Con este fin, darase a coñecer o portal Galicia Nomeada.



7. Manter unha actitude de diálogo e aberta, respectando escrupulosamente as lexítimas opcións lingüísticas individuais, pero garantindo sempre os dereitos lingüísticos dos galegofalantes.

## **2. NO REFERENTE AO CONTORNO SOCIOLINGÜÍSTICO DO CENTRO**

1. Favorecer actitudes de valoración positiva, respectuosas, integradoras e abertas cara a lingua galega e as linguas en xeral.
2. Ofrecer a toda a comunidade educativa unha imaxe moderna da lingua galega, vencellándoa ás novas tecnoloxías.
3. Fomentar entre os pais e nais o valor da relación en galego cos seus fillos e fillas.
4. Implicar activamente a toda a comunidade educativa na difusión da nosa cultura para contribuír ao mellor coñecemento da nosa identidade como pobo.
5. Visibilizar o traballo do EDLG do centro na contorna; así como proporcionar información sobre actos relacionados coa realidade galega que se desenvolvan na redonda organizados por diversas institucións.
6. Implicar as familias e distintos organismos do Concello para que participen nas actividades que realicemos a fin de proxectar a lingua en ámbitos nos que non sempre está presente.
7. Promover a interacción entre o centro e o seu contorno para facer máis rendibles os recursos e os esforzos deses dous ámbitos a prol da normalización e dinamización do galego.

## **3. NO REFERENTE AO PROFESORADO**

1. Animar ao profesorado non galegofalante a que use o galego tamén nas súas intervencións privadas, tanto co alumnado coma cos compañeiros e compañeiras, converténdose así nun referente a imitar en canto a hábitos lingüísticos.
2. Difundir entre o profesorado as últimas novidades legislativas en materia lingüística.
3. Facilitar bibliografía e material de apoio (correctores, tradutores, dicionarios, vocabulario...) que axude ao profesorado a elaborar recursos para impartir as clases en galego.



4. Elaborar unha síntese de lugares de consulta *on line* en galego para as diferentes materias do currículo.
5. Crear unha caixa de consultas lingüísticas para o profesorado.
6. Fomentar a utilización das tecnoloxías da información e da comunicación promovendo a súa identificación co uso do galego.
7. Participación e colaboración na organización de actividades que se leven a cabo no programa de innovación educativa Polos creativos, no que participa o noso centro.
8. Participar e colaborar no proxecto Ordes/Lamego co fin de dar a coñecer ao alumnado, tanto de Ordes como de Portugal, a lingua, a cultura e as tradicións galegas.

#### **4. NO REFERENTE AO ALUMNADO**

1. Garantir que o alumnado que ten a lingua galega como lingua habitual poida mantela.
2. Conseguir que o alumnado do noso centro sexa plenamente competente en lingua galega, nomeadamente no ámbito da oralidade.
3. Empoderar ao alumnado galegofalante para que sexa consciente de que ten un valor engadido, unha riqueza que non debe agochar, que non se avergonce da súa lingua.
4. Incrementar, tanto en cantidade como en calidade, a produción escrita en lingua galega por parte do alumnado.
5. Ofrecerlle a posibilidade de realizar actividades atractivas nas que a lingua usada sexa o galego, para que así poida asociala con ámbitos nos que normalmente non está afeito a escoitala.
6. Traballar na eliminación dos prexuízos lingüísticos para que usen o galego en igualdade de condicións que o castelán. Propiciar que o alumnado que ten o galego como lingua habitual na súa casa tamén a use no centro.
7. Dar a coñecer ao alumnado referentes de persoeiros de diferentes ámbitos -artistas, deportistas, cantantes...de referencia- que se expresan na nosa lingua e que servan para valorar o galego como lingua de cultura e de éxito.
8. Eliminar o complexo de inferioridade naquel alumnado galegofalante para evitar que cambie de lingua ao entrar en círculos castelán-falantes.



9. Posibilitar que os neofalantes se encontren cómodos e satisfeitos co esforzo realizado para expresarse nunha lingua á que non están habituados. Para isto será necesario promover actividades e crear espazos que lle permitan ao alumnado castelán falante achegarse ao galego.
10. Traballar para derrubar os prexuízos e as actitudes negativas ou pasivas por parte do alumando respecto da lingua e da cultura galega.
11. Mobilizar cada vez máis ao alumnado para que asuma a tarefa dinamizadora da lingua, implicándose dun xeito directo na organización e realización de actividades. Tentaremos crear un grupo de colaboradores/as na realización de todas as actividades ou de actividades puntuais.
12. Convocar concursos que estimulen a reflexión e a creatividade do alumnado vinculada ao uso da lingua galega en diferentes contextos.
13. Fomentar o hábito lector en galego en todo tipo de soportes (libros, xornais, revistas, bandas deseñadas, na rede...), especialmente a través dos clubs de lectura existentes no centro.
14. Elaborar unha síntese informativa de lugares de consulta *on line* en galego para as diferentes materias do currículo que sirva de referencia ao alumando.
15. Promover a música galega, dando publicidade ás novidades musicais dos diferentes solistas e grupos en galego que aparezan no mercado. Para isto será fundamental a colaboración coa biblioteca que está levando a cabo un proxecto denominado “Recreos musicais”.
16. Dar a coñecer ao alumnado a produción audiovisual en galego: filmes, documentais, vídeos na rede...
17. Ofrecer ao alumnado a posibilidade de relacionarse con compañeiros e compañeiras que viven noutra realidade sociolingüística (intercambio lingüístico cun centro de contorna castelán-falante ou maioritariamente castelán-falante).

##### **5. NO REFERENTE AO CENTRO**

1. Asumir a lingua galega como lingua oficial do centro.
2. Colaborar na elaboración e redacción do novo Proxecto Lingüístico do centro.



3. Participar activamente na preparación e corrección de todo tipo de materiais escritos, carteis, formularios, cartas, boletíns...
4. Conseguir que a lingua galega sexa o motor que impulsa as actividades culturais e lúdicas que se organizan no centro ou dende o centro.
5. Lograr a implicación dos diferentes departamentos didácticos e da dirección do centro na organización de actividades de diversa natureza que contribúan ao proceso normalizador da lingua galega.
6. Impulsar dinámicas de traballo activo en equipo arredor de diferentes temáticas que teñan o galego como lingua de relación.
7. Colaborar coa biblioteca do centro na dotación de material bibliográfico, fonográfico, audiovisual e interactivo en galego.
8. Dinamizar e actualizar a páxina *web* do centro en estreita colaboración co equipo de dinamización das TIC.
9. Xestionar o *Blog* do Equipo de Dinamización da Lingua Galega do centro.
10. Colaborar activamente na elaboración de contidos e na edición da revista *Paraíso Para Nós*.

## **2. ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA**

### **1. REVISTAS ESCOLARES**

#### **Edición da revista escolar *Paraíso ParaNós* (nº15)**

Como en cursos anteriores, o EDLG colabora de maneira activa na edición da única publicación que se fai no noso instituto cuxo contido está integramente redactado en galego. Nesta revista inclúense noticias relacionadas co centro e coas actividades que nel se desenvolven, pequenas recensións sobre obras literarias, películas, discos..., entrevistas a persoeiros que nos visitan, reflexións sobre temas diversos, crónicas persoais de excursións, creacións literarias e artísticas, etc. O proceso de redacción dos diferentes contidos desta publicación correspóndelle ao alumnado do centro. O Equipo de Dinamización da Lingua Galega encárgase da corrección dos textos.

Os obxectivos desta actividade son:



- Ter un órgano de expresión do centro integramente redactado en galego.
- Promover o uso do galego dentro de ámbitos cultos ou formais, como son a maioría de contidos dunha publicación escolar.
- Canalizar os intereses dos nosos alumnos e alumnas así como estimular a súa creatividade.
- Dar a coñecer ao conxunto da comunidade educativa, as actividades realizadas no instituto.

## **2. CONVOCATORIA DE CONCURSOS**

### **Concurso de Poesía “Carme Villaverde”**

O IES de Ordes, en colaboración co departamento de Lingua e Literatura Galega e o Equipo de Dinamización da Lingua, convocan a séptima edición deste concurso de poesía en lembranza da que foi profesora do centro, Carme Villaverde Raña. Poden participar os alumnos e alumnas de ESO, Bacharelato, ESA e Ciclos Formativos menores de 20 anos que estean a cursar estudos en Galicia.

A través desta actividade pretendemos:

- Dar a coñecer e lembrar a figura da nosa compañeira Carme Villaverde Raña.
- Valorar a poesía en lingua galega.
- Fomentar a creatividade do alumnado.
- Estender a acción dinamizadora do EDLG fóra dos límites do centro e da súa inmediata contorna.





### **Concurso de Postais de Nadal**

O EDLG convoca anualmente, entre o alumnado do centro, un concurso de postais de Nadal a fin de incidir no necesario uso do galego en calquera contexto. Na organización desta actividade, colabora activamente o departamento de Educación Artes do centro. O único requisito para participar é que o texto da felicitación se redacte en galego. Diferéncianse dúas categorías: alumnado da ESO e FP Básica por unha banda, e alumnado de Bacharelato e Ciclos Formativos, por outra. Hai dous premios por categoría: un primeiro premio consistente nun vale de 35 euros e un segundo de 25 euros. Estes vales deben investirse en material escolar, audiovisual ou libros editados obrigatoriamente en galego para poder seren cobrados. Con todas as postais realízase unha exposición na semana previa ás vacacións de Nadal e cunha das gañadora editáanse arredor de 150 exemplares para felicitar as festas ás familias, aos docentes, ao resto de centros educativos do concello, institucións que colaboran co noso instituto, etc.

Obxectivos:

- Fomentar a creatividade artística e literaria do noso alumnado.
- Eliminar prexuízos sobre o galego.
- Achegar o traballo do EDLG á comunidade escolar e á contorna do centro.

### **Concurso de Sobremesas de Entroido**

Como vén sendo tradicional, o EDLG convoca, para celebrar o Entroido, un concurso de sobremesas no que participa o alumnado do centro e as súas familias. As sobremesas poderán ser galegas ou doutras orixes, tendo en conta a presenza no centro de alumnado procedente de Latinoamérica, Marrocos e outros países europeos... O concurso consiste na presentación e degustación das larpeiradas cociñadas previamente polos nosos alumnos e alumnas e/ou as súas familias. Haberá tres premios de 35, 30 e 25 euros respectivamente en vales para material escolar, audiovisual ou libros en galego. As receitas que teñan maior éxito e/ou as máis exóticas serán publicadas posteriormente no blog do EDLG.

A través desta actividade pretendemos:

- Recoller parte da tradición culinaria do Entroido.
- Integrar o alumnado non galego do centro a través dunha actividade lúdica.
- Dar a coñecer a riqueza culinaria doutros países aos rapaces e rapazas galegos.



- Implicar as familias nas actividades do EDLG.

### **Concurso Namora en galego...**

Aproveitaremos a celebración do día dos namorados para convocar un concurso de escrita en galego de temática amorosa. Os únicos requisitos de participación son que as mensaxes estean escritas en galego e que non sexan sexistas. Depositáranse nunha caixa de correos que, para a ocasión, situaremos na secretaría do centro. Os participantes que así o desexen, poderán dirixir a súa carta ao seu namorado ou namorada, quen a recibirá da man dalgún dos cupidos cos que conta o EDLG. As mensaxes poderán non ter destinatario ou ser anónimas. Neste caso, a autora ou autor acompañará a carta cun sobre pechado co seu nome e datos do curso e grupo ao que pertence. Seleccionáranse as mellores e un xurado determinará cales son as mensaxes gañadoras, que serán publicadas no blog do EDLG e na revista escolar *Paraíso Para Nós*. Todas elas recibirán un vale para asistir ao cine cun acompañante.

Obxectivos:

- Normalizar o uso do galego en todos os ámbitos da vida.
- Fomentar a creatividade literaria do alumnado.

### **Concurso Portada da Revista *Paraíso Para Nós***

En colaboración cos departamentos de Artes e Tecnoloxía, así como da Vicedirección do centro. Poderá participar todo o alumnado e o formato do deseño será libre: debuxo, fotografía, fotomontaxe...


Obxectivos:

- Estimular a creatividade artística do noso alumnado.
- Ofrecer unha visión moderna do galego.
- Estender o uso do galego á primeira páxina da revista escolar.

### **Concurso tíralle da lingua**

En colaboración co equipo da biblioteca, organizaremos un concurso arredor dos contos tradicionais co fin de que sexan seleccionados algúns deles para que participen no concurso organizado pola AS-PG.

Obxectivos:



- Valorar e recuperar narracións da tradición oral.
- Fomentar o uso do galego.
- Converter o idioma en instrumento de comunicación normal de recreación de historias.



### **Concurso de *Montaxe e Edición de Vídeos sobre a vida e obra do homenaxeado nas Letras Galegas***

É a nosa intención convocar un concurso de montaxe e edición de vídeos sobre a vida e obra de Francisco Fernández del Riego, autor homenaxeado este ano nas Letras Galegas. Poderá participar todo o alumnado do centro. Os participantes deberán gravar e montar un vídeo que teña por tema a biografía do polifacético fundador da editorial Galaxia ou algún aspecto da súa obra. Daquela, o alumnado gravará e montará un vídeo completamente orixinal no que percorra os feitos máis relevantes da vida do escritor ou dea a coñecer parte da súa obra a través do comentario xeral dalgún dos seus libros ou da selección e interpretación mediante imaxes e son do contido das súas narracións de viaxes ou das súas narracións autobiográficas. A duración do vídeo non superará os 2 minutos. Proxectaranse co gallo da celebración das Letras Galegas e un xurado escollerá o mellor de entre os presentados que recibirá como premio un vale de 50€ para investir en material escolar, audiovisual, deportivo ou libros editados obrigatoriamente en galego. Os vídeos recolleranse no blog do EDLG [paraisoparanosordes.blogspot.com.es](http://paraisoparanosordes.blogspot.com.es), e no facebook, e o nome do autor ou autora do vídeo gañador aparecerá na revista escolar do centro. Para a realización desta actividade contaremos coa colaboración do departamento de Tecnoloxía e tamén de todo o profesorado que vai participar na elaboración e creación de actividades dentro do grupo de traballo dos Polos Creativos.

Obxectivos:

- Fomentar a creatividade artística do noso alumnado.
- Dar a coñecer a figura do homenaxeado nas Letras Galegas.
- Pór en relación a lingua galega co uso das TIC.

### **3 CELEBRACIÓN DE DATAS ESPECIAIS**

#### **Samaín**

Continuaremos coa difusión entre a comunidade educativa da ancestral tradición do Samaín, precedente do popular *Halloween* anglosaxón. Tal e como fixemos nos anteriores cursos académicos, elaboraremos material informativo sobre a orixe celta desta festividade e a súa posterior evolución, a cal será pendurada nos taboleiros da lingua existentes no centro – especialmente no situado no edificio de 1º Ciclo da ESO- e tamén no blog do Equipo de Dinamización da Lingua Galega. Ademais, colaboraremos con Vicedirección na organización do concurso de decoración de cabazas que se celebra todos os anos no noso instituto e



traballaremos en conxunto co equipo de Biblioteca na organización dunha exposición sobre literatura de terror, así como no concurso de relatos de medo que se vén celebrando nos últimos anos, animando ao alumnado a presentar os seus escritos en galego.

Obxectivos:

- Valorar as tradicións propias.
- Fomentar a creatividade do alumnado.
- Dar a coñecer literatura en galego do xénero de terror.
- Normalizar a presenza do galego en todos os ámbitos da vida (incluída a propia morte).

### **Magosto**

No mes de novembro, procuraremos retomar a celebración do Magosto. Organizarase unha xornada lúdico-festiva en colaboración coa Vicedirección do centro en torno á castaña. Coma en edicións anteriores, traerase ao centro unha persoa que amosará o proceso de asado das castañas que logo serán repartidas, acompañadas de chocolate quente, entre alumnado, profesorado e PAS. Amenizarase a festa con música de grupos galegos, tanto tradicionais como actuais, e coa organización de diversos xogos e actividades lúdicas nas que participarán todos os asistentes.

Obxectivos:

- Valorar as tradicións propias e concienciar sobre a importancia de mantelas vivas e de que se transmitan de xeración en xeración.
- Fomentar, a través da organización doutras actividades nesta xornada, o uso do galego nos ambientes lúdicos e informais.
- Dar a coñecer o Magosto ao alumnado foráneo que cursa estudos no noso centro.

### **Nadal**

Ademais da convocatoria do concurso de postais de Nadal -do que xa falamos máis arriba-, continuaremos co labor de difusión da figura do *Apalpador ou Pandigueiro* entre a comunidade educativa, especialmente nos niveis correspondentes ao 1º Ciclo da ESO. Trátase dun personaxe descoñecido para a maioría da comunidade educativa que cómpre recuperar ao



ser unha figura propia do Nadal dunha parte de Galicia e relacionala con outros personaxes natalicios do Estado español (Olentzero, Tió...).

Obxectivos prioritarios:

- Valorar as tradicións propias e concienciar sobre a importancia de mantelas vivas.
- Dar a coñecer á comunidade educativa as relacións existentes entre a nosa cultura e outras do Estado e do mundo.

### **Día dos Namorados**

Convocatoria do *Concurso Namora en Galego* para celebrarmos unha data que gusta especialmente aos adolescentes.

Obxectivos:

- Normalizar o uso do galego en todos os ámbitos da nosa vida.
- Fomentar a creatividade literaria do alumnado.

### **Entroido**

Convocatoria do *Concurso de Sobremesas de Entroido* e participación activa na organización do festival de disfraces en colaboración coa Vicedirección do centro.

Obxectivos:

- Valorar as tradicións propias.
- Fomentar a convivencia dos distintos ciclos educativos presentes no centro

### **Celebración do día de Rosalía**

Celebraremos a data do nacemento de Rosalía de Castro (23 de febreiro) mediante a difusión de varios dos versos dos seus poemas máis significativos, os cales serán previamente seleccionados polo noso alumnado e profesorado e pendurados nos máis diversos lugares do centro (taboleiros da lingua, corredores, biblioteca, baños, portas de aulas e departamentos, salón de actos, polideportivo...).

Asemade, gravaremos un vídeo de recitado dalgúns dos versos máis relevantes da obra desta autora no que procuraremos a participación de alumnado e profesorado dos diferentes



ciclos e niveis. Este vídeo proxectarase no monitor da entrada do edificio 1 durante os recreos do mes de marzo.

Obxectivos:

- Valorar a figura de Rosalía como precursora na recuperación do galego como lingua escrita.
- Dar a coñecer algúns dos poemas máis salientables desta autora.
- Implicar ao profesorado e alumnado do centro nesta celebración.

### **Letras Galegas**

Aproveitamos a semana de celebración das letras galegas para incidir no fomento da nosa lingua e no coñecemento da nosa literatura. Realizaranse diversos actos para resaltar de forma lúdica, á vez que formativa, a festa da palabra. Neste 2022 o escollido Francisco Fernández del Riego, galeguista incansable que viviu un exilio no interior, fundador da editorial Galaxia, ensaísta, narrador e un dos promotores da celebración do 17 de maio dedicado a Rosalía de Castro.

- ❖ Procuraremos contar coa presenza dalgún especialista na figura e obra do homenaxeado para que imparta unha charla ao alumnado.
- ❖ Elaboraremos, en colaboración coa Biblioteca escolar e co departamento de Artes, un punto de lectura conmemorativo do Día das Letras e do autor homenaxeado.
- ❖ Fallarase o concurso de montaxe de vídeo sobre a vida e obra deste autor.
- ❖ Participarase no Correlingua, no caso de celebrarse.

Obxectivos:

- Dar a coñecer a toda a comunidade educativa o personaxe homenaxeado.
- Pór en valor a literatura no noso idioma.
- Estender a festa da nosa lingua a toda a comunidade escolar e o contorno.
- Ligar literatura e oralidade.
- Traballar a competencia lingüística oral do noso alumnado.



### **Semana Cultural**

Plenamente implantada no noso centro dende hai xa varios cursos, colaboraremos coa Vicedirección na celebración de diversos actos como poden ser a proxección de cinema en galego, a asistencia a algunha conferencia sobre un tema relacionado coa cultura galega, etc.

Obxectivos:

- Ligar lingua galega e cultura.
- Coñecer e valorar o patrimonio cultural galego.
- Fomentar o espírito crítico do alumnado.

A celebración destas datas especiais acompañaranse da organización de “**mesas temáticas**” en colaboración co Equipo de Biblioteca. Trátase de seleccionar material bibliográfico e filmográfico en galego de entre os fondos da nosa biblioteca relacionados coa data que se estea a conmemorar (samaín, magosto, nadal, entroido, nacemento de Rosalía, Letras Galegas...) e expoñelo nunha mesa na entrada do centro acompañado dun díptico ou tríptico con información sobre o material seleccionado.

Obxectivos:

- Dar a coñecer os fondos galegos da nosa biblioteca.
- Pór en valor a literatura e o cinema no noso idioma.
- Valorar as tradicións e os autores propios.

### **4 XESTIÓN DOS TABOLEIROS DO EDLG**

O EDLG conta cun espazo físico reservado nas instalacións do centro para visibilizar tanto a situación da lingua galega como as actividades que desenvolvemos. Os taboleiros son unha canle de comunicación esencial do EDLG coa comunidade educativa, de aí a importancia da súa xestión e a constante actualización, sendo o alumnado o encargado de elaborar o groso dos contidos. Trátase de tres taboleiros (dous no edificio principal e outro no edificio da ESO) que acollen dúas grandes seccións:

#### **Noticias da lingua**

Pendúranse noticias que teñen que ver coa nosa lingua, viñetas humorísticas sobre a realidade lingüística galega, fotos con erros lingüísticos, enderezos de páxinas con recursos en





galego de diferente temática, denuncias de casos de discriminación lingüística, información sobre a lexislación que afecta ao galego, etc.

### **Actividades para o fomento da lingua galega**

Difúndense as actividades que o EDLG leva a cabo neste espazo. Conta coas bases dos certames e concursos convocados, reseñas de libros, entrevistas a persoeiros que visitamos ou nos visitan, fotos das saídas, carteis informativos de diversa índole...

Os obxectivos máis salientables da xestión dos taboleiros son:

- Facer visible o traballo do EDLG.
- Servir de canle de comunicación do EDLG coa comunidade educativa.
- Difundir información veraz e actualizada sobre a lingua galega.
- Mellorar a expresión escrita en galego do noso alumnado.

## **5. CAMPAÑAS DE ANIMACIÓN Á LECTURA**

### **Encontros con escritores e escritoras**

Como en cursos anteriores, continuaremos colaborando co departamento de Lingua e Literatura Galega para dar a coñecer os autores e autoras máis salientables da literatura galega actual. Organizaranse charlas e coloquios nos que falarán das súas obras co fin de que o alumnado se achegue ao mundo dos libros e da creación literaria. Adoito, esta actividade realízase logo da lectura dun libro concreto, polo que o alumnado ten a ocasión de coñecer o autor, resolver dúbidas, facerlle comentarios... Os membros do EDLG aproveitan estas visitas para entrevistalos e elaborar contidos que logo son pendurados nos “taboleiros da lingua”, publicados na nosa bitácora, no facebook e recollidos na revista escolar *Paraíso ParaNós*.

Obxectivos:

- Animar á lectura en galego.
- Achegar o proceso de creación literaria aos alumnos e alumnas.
- Fomentar a competencia lingüística oral e escrita en galego do noso alumnado.

### **Colaboración cos Clubs de Lectura**



O EDLG colabora activamente co Equipo de Biblioteca no funcionamento dos Clubs de Lectura postos en marcha no centro (ESO, Bacharelato e Ciclos, Nais e Pais) a fin de potenciar a lectura e comentario de libros en galego. Propóñense obras de autores galegos para a súa lectura e comentario e de autores doutras linguas sempre que contén con tradución ao galego.

Obxectivos:

- Animar á lectura en galego.
- Divulgar a literatura galega e eliminar prexuízos sobre elas.
- Fomentar o espírito crítico a partir da lectura e da discusión literaria.
- Favorecer o uso da biblioteca do centro.
- Dinamizar a vida sociocultural do contorno.

## **6. ORGANIZACIÓN DE SAÍDAS EXTRAESCOLARES**

Procuraranse organizar algunhas actividades extraescolares e complementarias en colaboración con distintos departamentos do centro. Entre elas, intentaremos levar adiante as que siguen.

### **Asistencia a representacións teatrais**

O EDLG colabora co departamento de Lingua e Literatura Galega na organización de “saídas ao teatro”. Pretendemos que todos os niveis educativos das diferentes ensinanzas impartidas no centro asistan, cando menos, unha vez ao longo do curso a unha representación teatral, subvencionando na medida do posible o prezo da entrada.

Obxectivos:

- Divulgar a dramaturxia en galego.
- Dar a coñecer o traballo das compañías teatrais galegas.
- Impulsar a afección polo teatro galego.
- Ofrecer unha alternativa real aos tempos de lecer que poidan competir coas ofertas fáciles de diversión.



### **Asistencia a outras actividades culturais relacionadas coa lingua**

Conscientes de que as saídas extraescolares adoitan ter unha repercusión moi positiva no alumnado ao seren actividades que se recordan como algo gratificante, interéstanos traballar para que as rapazas e rapaces do IES Ordes as asocien co galego. Ademais, a través delas teñen contacto co galego en ámbitos nos que non é tan frecuente o uso da nosa lingua. Por iso, o EDLG promove a asistencia do alumnado do centro á proxección de filmes, concertos didácticos, exposicións... que xurdan ao longo do curso sempre que nelas a lingua vehicular sexa o galego e a súa temática ou incidencia lles resulte interesante e útil.

Obxectivos:

- Ligar lingua galega e cultura.
- Coñecer e valorar o patrimonio cultural galego.
- Unir a idea de lecer á lingua propia.
- Complementar a escasa oferta cultural ofrecida no concello e a contorna.

### **7. INTERCAMBIO LINGÜÍSTICO**

Na medida das nosas posibilidades trataremos de levar a cabo unha actividade de intercambio lingüístico con alumnado e profesorado doutro centro educativo galego. O obxectivo principal é ofrecer ao alumnado un espazo onde interrelacionarse con compañeiros e compañeiras doutra realidade dialectal ou doutro contexto sociolingüístico: un centro inscrito nunha contorna castelán-falante ou maioritariamente castelán-falante. A través deste intercambio, traballaranse determinadas destrezas lingüísticas, pero tamén se afondará no coñecemento da realidade económica, cultural, xeográfica, artística... da propia zona e da allea.

Intentaremos desenvolver dúas xornadas de convivencia (unha no noso centro e outra no centro co que se realiza o intercambio) durante as cales os alumnos e alumnas dos dous institutos convivirán empregando como lingua de relación o galego. Os rapaces do ámbito castelán-falante farán o esforzo por comunicarse en galego mentres que o noso alumnado procurará manter a comunicación en galego aínda que lles falen en castelán. Nestas visitas realizaranse actividades encamiñadas a coñecerse mutuamente e a coñecer os dous contornos.

Obxectivos:



- Ofrecer ao noso alumnado a oportunidade de interrelacionarse con rapaces galegos que viven noutro contexto sociolingüístico.
- Profundar no coñecemento da realidade cultural, económica, artística... propia e doutra parte de Galicia.
- Eliminar prexuízos sobre o galego.
- Contactar e colaborar con outro EDLG.

## **8 “GALDISCOTECA” E “GALVIDEOTECA”**

### **Adquisición de música e material audiovisual en galego**

Unha das carencias máis significativas á hora de normalizar o uso do galego é a escaseza ou total falta de materiais musicais e audiovisuais na nosa lingua. É certo que nestes campos o mercado en galego non é tan abundante como o que se ofrece en castelán, mais cómpre que sigamos adquirindo música, cine, documentais... en galego para evitar que sobreviva o prexuízo de que o galego non é apto para a música e o cinema que lle gusta á xente nova.

Coma nos últimos anos, o EDLG continuará ampliando os fondos da “Galdiscoteca” e da “Galvideoteca” do centro a través da compra de música e cine en galego en colaboración coa Biblioteca. Ademais, empregaremos as canles de comunicación do EDLG coa comunidade escolar para dar a coñecer as novas adquisicións e ofrecelas para goce tanto do profesorado como do alumnado e das súas familias.

Obxectivos:

- Aumentar a cantidade de material musical e audiovisual en galego existente no centro.
- Dar a coñecer as últimas novidades musicais e audiovisuais galegas.
- Pór en relación o tempo de lecer coa lingua galega.
- Impulsar a afección pola música e o cinema galego.

### **En galego: de cine!**

Como xa se comentou no apartado anterior, o EDLG pon a disposición da comunidade educativa material audiovisual en galego. Consideramos que o emprego deste material por parte do profesorado nas súas aulas resulta de grande interese, especialmente no caso das titorías. Así, como en cursos precedentes, facilitarase aos titores e titoras unha selección de



filmes en galego a partir dos cales traballar contidos relacionados co medio natural, a inmigración, a violencia, a igualdade de xénero, etc. Tentaremos proxectar algún filme, curtametraxe ou documental de interese, co gallo da semana cultural; así como asistir á proxección, nalgunha sala comercial, dalgún filme actual en galego.

Obxectivos:

- Ofrecer ao profesorado unha programación audiovisual en galego variada e rica en contidos que poida empregar como recurso didáctico.
- Incitar á reflexión e ao debate a partir do visionado de pezas audiovisuais de calidade.
- Dar a coñecer producións audiovisuais galegas.
- Impulsar a afección polo cinema galego.

## **9. ORGANIZACIÓN DE CHARLAS, CONFERENCIAS, EXPOSICIÓNS...**

Consideramos que a realización de charlas, conferencias, exposicións, debates... sobre a lingua e a cultura galegas e arredor de temas relacionados coa realidade socioeconómica e cultural da comarca resultan altamente positivas para o noso alumnado. En consecuencia, como vén sendo habitual nos cursos anteriores, pretendemos promover iniciativas que traian ao centro investigadores, escritores, profesores e outros especialistas que impartan charlas sobre determinados temas de interese.

Por outra banda, durante o curso organizaranse exposicións no centro promovidas polos departamentos didácticos ou polo propio EDLG. No primeiro caso, colaboramos activamente cos departamentos que así nolo soliciten na corrección dos textos.

Obxectivos:

- Facer reflexionar ao alumnado sobre a lingua e a súa realidade socioeconómica e cultural.
- Fomentar o mellor coñecemento da súa contorna.
- Poñer en relación o centro con diversos axentes sociais e económicos da comarca.
- Potenciar o uso da lingua galega oral e escrita.
- Colaborar cos departamentos didácticos na creación de recursos didácticos en galego.



No presente curso escolar temos previsto levar a cabo:

**Encontros con escritores e escritoras**, en colaboración co departamento de Lingua e Literatura Galega.

**Conferencia sobre o homenaxeado nas Letras Galegas.**

**Exposicións didácticas**, en colaboración co departamento de Xeografía e Historia e o Equipo de Biblioteca.

## **10. ELABORACIÓN E EDICIÓN DE MATERIAS**

### **Almanaque**

Para a normalización da lingua galega é importante que a comunidade educativa, nomeadamente o alumnado, conte ao seu redor con referencias diarias na nosa lingua. Neste sentido o EDLG, en colaboración co departamento de Tecnoloxía, diseña e imprime tanto o **almanaque de probas para a aula** como o **calendario do caderno para o profesorado**.

Neles aparecen recollidos os días lectivos do curso escolar cun pequeno espazo inferior destinado a apuntar as diferentes probas previstas neses días para o grupo-aula correspondente. Ademais dos meses de docencia, nesta ocasión a proveitamos para dar a coñecer cantantes e solistas consagradas ou emerxentes da música galega contemporánea.

Obxectivos:

- Normalizar a lingua galega escrita entre o alumnado e o profesorado do centro.
- Subministrar unha ferramenta que contribúa á organización do traballo tanto nos diferentes grupos e aulas do centro como do propio profesorado.
- Visibilizar o labor desenvolvido polas mulleres galegas en distintos ámbitos e contextos.
- Achegar as actividades do EDLG ao noso alumnado e profesorado, nomeadamente ao de nova incorporación.

### **Edición de dípticos, trípticos, carteis e materiais dos Taboleiros**

Elaboración e impresión de materiais de diferente natureza e formato relacionados coas diversas actividades organizadas dende o EDLG (concursos, recomendacións literarias para o Nadal, información dos taboleiros...).



Obxectivos:

- Crear materiais de interese en lingua galega.
- Achegar as actividades do EDLG á comunidade educativa.
- Fomentar a creatividade artística e literaria do alumnado.

### **Elaboración e edición de materiais en formato dixital para o monitor informativo da secretaría do centro**

O EDLG difundirá a través da pantalla situada na entrada principal do centro as bases de concursos, imaxes, actividades realizadas, vídeos musicais para os recreos, noticias relacionadas coa lingua e cultura galega, etc. Este materias serán seleccionados, elaborados ou editados polo EDLG.

Obxectivos:

- Facer visible o traballo do EDLG.
- Servir de canle de comunicación do EDLG coa comunidade educativa.
- Difundir información veraz e actualizada sobre a lingua e a cultura galega.

### **Colaboración na revista escolar *Paríso ParaNós***

### **Edición dos materiais que resulten gañadores nos diferentes concursos convocados**

### **11. XESTIÓN da páxina propia do EDLG no Facebook**

Conscientes de que a lingua galega debe entrar nas TIC, se non queremos que quede descolgada fronte ao castelán ou mesmo o inglés, e de que o alumnado se sente especialmente motivado á hora de coñecer as novas tecnoloxías, consideramos que o uso das Tecnoloxías da Información e a Comunicación ofrece unha oportunidade única para a creación de novos ámbitos de uso do galego tanto dentro como fóra das aulas. En consecuencia, resulta imprescindible xestionar e manter constantemente activa e actualizada a páxina de Facebook do EDLG. A través desta rede, damos a coñecer as actividades do Equipo, pomos a disposición de toda a comunidade escolar recursos en galego, difundimos iniciativas normalizadoras propias e alleas, etc. Na elaboración deste material empregamos distintas aplicacións web 2.0: youtube, vimeo, slideshare, issuu, picassa, prezi, animoto, scribd, googlemaps... É o alumnado do centro



quen realiza estes materiais, se ben quen xestiona a páxina de facebook é a coordinadora do EDLG ao ser a única administradora .

Os obxectivos máis salientables do mantemento e xestión do blog son:

- Fomentar a elaboración regular, por parte do noso alumnado, de materiais na rede que resulten interesantes e atractivas.
- Servir de foro para a exposición de experiencias realizadas polo EDLG.
- Potenciar o uso do galego nas novas tecnoloxías.
- Implicar o maior número de alumnos e alumnas de distintos niveis.
- Contribuír ao desenvolvemento das competencias lingüística, dixital e de aprender a aprender do noso alumnado.
- Facer do Facebook do EDLG un lugar de visita habitual por parte da comunidade educativa.
- Estender o traballo do Equipo de Dinamización da Lingua Galega do noso instituto a toda a contorna e ao mundo virtual da web 2.0.
- Ofrecer unha imaxe moderna e actual do galego.

Entre os materiais virtuais elaborados, cómpre salientar:

- **A elaboración regular de *posts***

Os *posts* ou artigos son textos coherentes cunha estrutura lóxica e de calidade. A través deles poténciase a escritura en lingua galega, ademais da busca e selección de información e a competencia dixital, entre outras. A idea é que progresivamente sexa o alumnado do centro o que elabore as entradas consistentes en sinopses de libros en galego, comentarios sobre excursións, sobre actividades realizadas no centro, entrevistas, etc.

- **A elaboración regular de *podcasts***

Os *podcasts* son arquivos multimedia de audio ou vídeo que nos servirán para potenciar o aspecto da oralidade na lingua. Realizaremos gravacións de videos, videopoemas, pequenos spots, minicontos, etc. que serán difundidos na rede para goce e consulta de toda a comunidade educativa. Cando comece a funcionar a radio do instituto -polos creativos-





procurarase que os contidos que se difundan estean preferentemente en lingua galega. Parécenos unha ferramenta fundamental para potenciar a oralidade da lingua galega.

- **A selección de recursos en galego**

Trataremos tamén de compartir ligazóns a páxinas web en galego que poidan resultar de interese para o alumnado, o profesorado e o resto de integrantes da comunidade educativa: tradutores, dicionarios, vocabularios, recursos didácticos, publicacións de diversa natureza, institucións que traballan a prol do galego, blogs doutros equipos e centros, etc.

## **12. XOGOS POPULARES E TRADICIONAIS**

Traballaremos para celebrar unha xornada festiva con xogos populares e tradicionais en colaboración co departamento de Educación Física e coa participación activa do alumnado de 1º de Bacharelato na súa organización. A data desta actividade aínda está por determinar, mais aproveitarase a celebración dunha das datas especiais do calendario escolar xa mencionadas (Magosto, Entroido, Letras Galegas...), a visita ao noso instituto do alumnado que participa no intercambio lingüístico, a xornada de presentación do centro ao alumnado de 6º de primaria dos centros educativos adscritos ou a festa de final de curso.

Obxectivos:

- Favorecer a recuperación dos xogos populares e tradicionais galegos.
- Concienciar da importancia de manter vivas as tradicións propias.
- Fomentar o uso do galego a través do xogo.
- Aprender novo vocabulario específico do ámbito lúdico.
- Fomentar a convivencia dos distintos ciclos educativos presentes no centro.

## **13. RECURSOS PARA O PROFESORADO E O ALUMNADO**

Como en cursos anteriores, poranse a disposición de profesorado e alumnado do centro diferentes ferramentas de apoio (dicionarios, tradutores, guías didácticas, compilacións, vocabularios...) para a resolución de dúbidas e a elaboración de materiais propios. Prestarase especial atención ás áreas científicas do currículo (matemáticas, física, química...) xa que un dos prexuízos que máis se estende e calla na sociedade é o de que o galego non é unha lingua válida para a investigación científica. Procuraremos facilitar o acceso a este material e darlle a maior difusión posible.



Obxectivos:

- Animar ao emprego da lingua galega e ampliar os coñecementos sobre a mesma.
- Traballar no camiño da correcta competencia lingüística en galego (a nivel oral e escrito).
- Facilitar bibliografía e instrumentos de apoio que axude ao profesorado a elaborar material para impartir as clases en galego.
- Desmontar o prexuízo de que o galego non é válido para o ámbito científico.

Asemade, das exposicións organizadas no centro polo Equipo de Dinamización da Lingua Galega, editaranse guías didácticas tanto para o alumnado como para o profesorado.

Obxectivos.

- Ampliar e complementar a información contida no material exposto.
- Facilitar recursos de apoio ao alumnado e profesorado do noso instituto.
- Fomentar reflexión crítica e a competencia de aprender a aprender.

#### **14. COLABORACIÓN COS DEPARTAMENTOS DIDÁCTICOS E O EQUIPO DE BIBLIOTECA**

##### **Colaboración co departamento de Lingua e Literatura Galega**

Co que colaboramos na organización das saídas ao teatro, os encontros con escritores e escritoras, a elaboración de recensións literarias, etc.

##### **Colaboración co departamento de Matemáticas**

Colaboraremos activamente co departamento de Matemáticas na realización dun paseo matemático pola vila de Ordes e dunha xornada de matemáticas na rúa.

##### **Colaboración co departamento de Xeografía e Historia**

Co que realizaremos alguna visita (parlamento, exposicións na Cidade da Cultura ou nalgún museo...) e colaboraremos na elaboración dalgunha exposición relacionada coa xeografía, historia e/ou arte galega.

##### **Colaboración co Equipo de Biblioteca**

No asesoramento para adquisición de libros e audiovisual en galego, na selección de obras en galego para os clubs de lectura, na realización de exposicións e mesas temáticas, no



desenvolvemento das diversas iniciativas propostas polo propio equipo de biblioteca do centro...Así mesmo, colaboraremos co equipo da biblioteca nos recreos temáticos aportando listas de músicos, solistas e grupos que fan música en galego.

#### **Colaboración co Departamento de Artes**

No deseño e realización de murais decorativos nos muros do patio do recreo nos que o galego será a lingua dos textos escritos e se tratará de reservar un espazo propio para a difusión/promoción de figuras relevantes da nosa cultura (escritoras, deportistas, científicas, personaxes históricas...). Tamén sería interesante aproveitar estes muros para que os alumnos escriban pequenos poemas (unha ou dúas frases/ versos) que poden ir acompañadas de debuxos -imitando a exitosa acción poética que triunfa en numerosas cidades do mundo-.

Obxectivos:

- Colaborar activamente cos diferentes departamentos didácticos do centro.
- Fomentar a creatividade do alumnado.
- Ofrecer ao alumnado actividades atractivas nas que a lingua usada sexa o galego.

#### **Colaboración co Departamento de Castelán**

Colaboraremos co Departamento na realización de actividades que se centren na realidade plurilingüe do estado pondo en valor o uso do galego en todos os ámbitos e contextos.

#### **Colaboración co Departamento de Música**

Pretendemos dar a coñecer a autores de música clásica contemporánea co fin de que toda a comunidade educativa coñeza esa riqueza cultural da Galiza. Tamén se procurará dar a coñecer grandes compositores galego da música clásica de todos os tempos.

#### **Colaboración co Departamento de Tecnoloxía**

O departamento de Tecnoloxía diseña o almanaque que se coloca en todas as aulas do centro.

### **15. COLABORACIÓN CON OUTROS CENTROS EDUCATIVOS**

No presente curso escolar é a nosa intención colaborar cos centros educativos do da contorna e da cidade de Santiago a través do intercambio de materiais . Así por exemplo, pretendemos emprestar algunhas das exposicións elaboradas polo Equipo de Dinamización da



Lingua Galega nos cursos anteriores a outros colexios e institutos próximos (CEIP Lamas de Abade de Santiago de Compostela, CEIP de Roxos en Santiago de Compostela).

Ordes, 30 de setembro de 2022



A Coordinadora do EDLG